



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en agosto de 2024

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de agosto do ano 2024 acadou a cifra de 1.092.886 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de xullo de 2024 de 487 afiliacións (-0,04%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 21.189.402, rexistrando un descenso do 0,91% con respecto ao pasado mes de xullo.


Na comparativa interanual (agosto de 2024 con agosto de 2023) obsérvase un aumento de 14.975 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,39%) e un aumento do 2,33% (482.902 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xullo de 2024, rexístrase un incremento das afiliacións en catro comunidades autónomas, sendo Extremadura (0,51%) a que experimenta o maior incremento; mentres que en trece comunidades autónomas rexístrase un descenso das afiliacións, sendo Murcia (-1,91%) a que sofre o maior descenso. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Madrid, Canarias e Illes Balears con taxas interanuais superiores ao 3,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA AGOSTO 2024	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	21.189.402	-193.704	-0,91	482.902	2,33
Galicia	1.092.886	-487	-0,04	14.975	1,39
Andalucía	3.399.604	-16.233	-0,48	72.878	2,19
Aragón	620.000	-7.950	-1,27	11.728	1,93
Asturias	391.199	707	0,18	6.133	1,59
Illes Balears	652.289	-2.068	-0,32	19.055	3,01
Canarias	906.376	857	0,09	29.957	3,42
Cantabria	239.969	972	0,41	4.006	1,70
Castilla La Mancha	788.457	-6.719	-0,84	13.768	1,78
Castilla y León	986.415	-4.013	-0,41	18.332	1,89
Cataluña	3.771.723	-64.353	-1,68	78.327	2,12
Comunitat Valenciana	2.133.481	-26.731	-1,24	55.002	2,65
Extremadura	422.591	2.135	0,51	3.253	0,78
Madrid	3.640.489	-40.615	-1,10	122.482	3,48
Murcia	651.352	-12.662	-1,91	15.311	2,41
Navarra	310.039	-213	-0,07	4.669	1,53
País Vasco	997.071	-15.567	-1,54	10.574	1,07
La Rioja	137.594	-785	-0,57	2.725	2,02
Ceuta e Melilla	47.866	21	0,04	-275	-0,57

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social subiu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,11%, seguida de Pontevedra (1,07%), Ourense (0,56%) e Lugo (0,39%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de agosto con respecto ás do mes de xullo, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,04%. Pontevedra presenta unha taxa de variación intermensual negativa (-0,27%); mentres que Lugo (0,31%), Ourense (0,11%) e A Coruña (0,01%) presentan unha taxa de variación intermensual positiva.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA AGOSTO 2024	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	473.832	40	0,01	9.798	2,11
LUGO	128.357	392	0,31	500	0,39
OURENSE	107.493	120	0,11	604	0,56
PONTEVEDRA	383.204	-1.040	-0,27	4.073	1,07
GALICIA	1.092.886	-487	-0,04	14.975	1,39
ESPAÑA	21.189.402	-193.704	-0,91	482.902	2,33


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,51% das afiliacións galegas en agosto de 2024, experimentaron un lixeiro aumento (menor do 0,01%) con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,01%. En España estas taxas foron do -1,02% con respecto a xullo de 2024 e do 2,58% en relación ao mes de agosto de 2023. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,61%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, as catro provincias galegas amosan unha taxa de variación interanual negativa: Lugo (-1,98%), Ourense (-1,85%), A Coruña (-0,05%) e Pontevedra (-0,02%). A media da comunidade galega sitúase entón no -0,54%. Para este réxime e con respecto ao mes de xullo de 2024, tamén baixan as afiliacións nas catro provincias galegas: Ourense (-0,45%), Lugo (-0,27%), A Coruña (-0,13%) e Pontevedra (-0,10%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,18%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,13% e unha baixada intermensual do 0,30%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a agosto de 2023, baixan as afiliacións na Coruña (-6,03%), Pontevedra (-4,86%) e Lugo (-4,40%). A taxa galega acada entón o -5,15%, inferior á de España (-1,62%). Con respecto a xullo de 2024, Pontevedra (-0,82%) e A Coruña (-0,72%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa; mentres que Lugo (0,61%) presenta unha taxa de variación intermensual positiva. A taxa galega amosa un descenso do 0,69% con respecto a xullo de 2024. A taxa nacional é do -1,05%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA AGOSTO 2024	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	473.832	0,01	2,11
LUGO	128.357	0,31	0,39
OURENSE	107.493	0,11	0,56
PONTEVEDRA	383.204	-0,27	1,07
GALICIA	1.092.886	-0,04	1,39
ESPAÑA	21.189.402	-0,91	2,33
R. XERAL			
A CORUÑA	384.869	0,05	2,71
LUGO	95.770	0,49	1,26
OURENSE	85.288	0,26	1,21
PONTEVEDRA	303.029	-0,29	1,58
GALICIA	868.956	0,00	2,01
ESPAÑA	17.750.906	-1,02	2,58
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	83.838	-0,13	-0,05
LUGO	31.184	-0,27	-1,98
OURENSE	22.206	-0,45	-1,85
PONTEVEDRA	67.921	-0,10	-0,02
GALICIA	205.148	-0,18	-0,54
ESPAÑA	3.371.350	-0,30	1,13
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.125	-0,72	-6,03
LUGO	1.403	0,61	-4,40
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.255	-0,82	-4,86
GALICIA	18.782	-0,69	-5,15
ESPAÑA	66.232	-1,05	-1,62

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>